



"Temos un goberno de 'liquidadores' disfrazados de xestores da débeda pública"

[Montse Dopico](#) 8 abril 2012

<https://praza.gal/cultura/temos-un-goberno-de-liquidadores-disfrazados-de-xestores-da-debeda-publica>

[Xavier Queipo](#) acaba de gañar o premio Xosé María Álvarez Blázquez 2011 da Asociación Galega de Editores. Non moito despois de que a súa novela *Extramunde*, -que tamén está nomeada para os galardóns da Asociación de Escritores en Lingua Galega-, lograra o Xerais. A súa traxectoria literaria, unha das máis singulares dos creadores do país, viuse así, unha vez máis, recoñecida. E con el repasámola.

O da AGE foi un premio non esperado, -dixeches-. Están a tirar estes recoñecementos polos outros libros teus que estaban esquecidos, e que sempre reivindicas?

Unha cousa é desexar un premio e outra ben distinta “esperar” que nolo concedan, como unha dádiva. Había unha forte competencia, o que ten que ver coa calidade dos outros finalistas. Foi un recoñecemento a toda unha traxectoria, o que é de agradecer. Xa me gustaría que uns libros por levar premios tirasen dos outros, mais o mercado do libro en galego, escuálido de seu, non funciona así. Nin os libeiros, nin os distribuidores, nin os gurús que recomentan libros nin os propios lectores funcionan dese xeito, senón polo inmediateismo.

Un dos criterios do xurado foi o feito de teres cultivado os distintos xéneros. Aínda que o que fixeches é máis ben cuestionar as convencións xenéricas. Por iso e por outras razóns a crítica sitúate na posmodernidade. Identificaste con esa definición?

Eu son escritor xeneralista, que tanto pode producir un poema río como un ensaio, un conto futurista ou unha novela de aventuras, un artigo de opinión ou unha peza de teatro. Certo que en Galiza teño un maior recoñecemento como narrador, mais en Bruxelas coñécenme como poeta membro do Brussels Poetry Collective dende 2007. Diría que non entendo de xéneros, como categorías ríxidas e inmutábeis. A verba posmodernidade adoita ten un significado distinto segundo o punto de vista. Eu considérome un escritor contemporáneo que procura renovarse en cada libro, entendido como un proxecto distinto. Niso vou contracorrente, pois o que se estila hoxe é repetirse a un mesmo ata a náusea, como eses escritores que se especializan en tramas policiais ou poemas líricos, en contos ocorrentes ou en literatura humorística.

Hai varias conexións entre *Extramunde* e *O paso do noroeste*. A viaxe a a aventura, por exemplo. En que medida un serviu de base para o outro?

A vida é unha aventura, á que un nace espido, vai medrando e remata por esvaecer cando o derradeiro latexo do corazón. Dun punto, o óvulo, deica o derradeiro alento de vida, outro punto. Pódese identificar a vida cunha viaxe no tempo. Nese senso escribir unha novela de viaxes e aventuras é un oxímoron, pois todas o son en maior ou menor medida, con maior ou menor claridade: falen do pasado ou do futuro, estean centradas en Ourense ou non Mares do sur. Xa van alá uns anos dende que publiquei *O Paso do Noroeste* (1996) e a miña escrita ten evolucionado coa adquisición de novos rexistros. Non teño unha bóla de vidro, desas que usan os adiviños para saber se podería ter escrito *Extramunde* sen antes escribir *O Paso do Noroeste* ou os contos de *Os ciclos do bambú*. É un feito e a miña análise detense na constatación dos feitos.

O encontro con outros mundos, co Outro, co descoñecido, está en toda a túa literatura: *Extramunde*, *Contornos*, *Malaria sentimental*.... Parece que a temática da viaxe quere conducirnos cara á reflexión sobre como ollamos ao Outro. É así?

Non concordo ao cen por cen coa túa afirmación. Interésame pescudar no coñecemento propio, iso é certo. Certo tamén que se pode facer de moitas maneiras, entre elas investigando a relación con outras culturas e outros mundos, vivindo no abraio permanente da descuberta, tanto da outredade como das reaccións que “o externo” produce en min. A viaxe, o contacto co externo cumpre un obxectivo, que é o de analizar as propias reaccións, mais tamén as de coñecer os límites do propio e o que é máis importante reducir os límites da ignorancia e acadar unha visión holística do mundo.

Outra cuestión fundamental na túa literatura é a reflexión sobre a identidade. Identidades transnacionais, multilingües... (En *Glosarios*, *Os ciclos do bambú*, ou as identidades nómades de *Diarios dun nómada* ou mesmo *Dragona*). As túas novelas fan pensar no discurso do multiculturalismo, de feito. Só que en Galicia esta cuestión é confundida -desde o poder, principalmente- co abandono da propia cultura, como dicías en *Papaventos*. Que futuro lle ves á identidade galega, á luz de todos estes debates?

Non sei se a pregunta é complexa ou é que a resposta non pode ser, por forza, simple. Dende 1989 non vivo en Galiza, senón en Bruxelas, que é unha cidade cosmopolita onde se falan un cento de linguas, o que lle confire un estatuto xa non de multilingüismo senón mesmo de cacofonía e na que a transnacionalidade (o feito de ser eu e de vivir entre trasterrados) é algo que forma parte do meu universo cotián. Iso non acontece en Galiza e foi se cadra a razón pola que *Dragona*, que é unha novela que fala de identidades, de multilingüismo, de trasterramento e de multiculturalismo non recibiu un tratamento respectuoso en Galiza. Criticouse, por exemplo, que os diálogos non fosen fluídos. Como se pode esperar que os diálogos sexan fluídos se as personaxes falan entre elas nunha pretendida lingua franca, que é a súa terceira ou cuarta lingua de uso? Iso fíxeno á mantenta e en galego, mais non se entendeu e a novela non acadou a atención que merecía nin pola construción de personaxes nin pola técnica dos diálogos, nin tan sequera pola temática na que se fala non só dunha cidade cosmopolita senón dunha nova maneira de construír asociacións libres e relacións entre as persoas.

Que relixión é a que asasina no nome da paz ou queima as mozas por ser violadas?, pregúntase o abade Xoán López en *Extramunde*. A novela critica o poder omnímodo e inquisidor da Igrexa. E reivindica a loita posible pola liberdade e contra o abuso de poder. Na actualidade parece haber unha volta ás loitas relixiosas da Idade Media (choques de fundamentalismos, di Tariq

Ali). Temos que preocuparnos máis por isto, ou polo fundamentalismo dos mercados financeiros que, como dixeches noutra entrevista, secuestra a democracia?

Eu diría simplemente: temos que preocuparnos e temos que reaxir. O fundamentalismo dos mercados non difire moito do relixioso, pois remite ao mesmo modelo: a intolerancia e o dogma. Dalgún xeito as normas que rexen o capitalismo financeiro funcionan como unha relixión, cos seus dogmas ou principios sagrados, coa fe cega no intanxible, coa frialdade de trato (exclusión) para os herexes. Dalgún xeito o fundamentalismo dos mercados financeiros asasina a liberdade individual, coarta os dereitos, masacra culturas e diferenzas e uniformiza, non tanto na pobreza como na dependencia.

Sempre defendiches o “mal de linguas”. En *Extramunde o Roxo*, condenado por falar linguas descoñecidas, é quen de entenderse co naturalista portugués... Hai algo na novela de reivindicación da universalidade da lingua galega?

Paulos, o Roxo de *Extramunde* é quen de se comunicar cun nativo do Senegal, cun pigmeo, cun almirante chinés, cun cingalés que fala o pidgin de Trincomalee ou cun naturalista portugués. A reivindicación non é tanto neste caso a da universalidade dunha lingua específica (o galego) como o abraio ante a maxia da comunicación entre persoas que falan en linguas diferentes. Tamén por suposto o abraio ao constatar a capacidade que algunhas persoas teñen ou foron desenvolvendo para se comunicar nunha multiplicidade de linguas, para absorber como esponxas os códigos lingüísticos doutras culturas. Os ataques a unha lingua específica (o galego no caso que nos afecta) son manifestacións colaterais do capitalismo financeiro, que instaura gobernos que destrúen a banca pública (as caixas de aforro) coa mesma frialdade que perpetran o lingüicidio do galego ou atacan directamente os dereitos sociais de amplas capas da poboación. Son todas elas obras de “liquidadores”, unha perigosa raza de esbirros do capitalismo financeiro. Nós temos iso, por desgraza, un goberno de “liquidadores” disfrazados de xestores da débeda pública.

Dos moitos, moitísimos, personaxes de *Extramunde*-, un deles é o hermafrodita. En *Dragona* había tamén algo sobre identidades sexuais ou de xénero non normativas. Sobre identidades que traspasan os binomios impostos. É outra das dimensións da túa reflexión sobre a identidade?

A reflexión da identidade parte do sufrimento, propio e alleo, de sentir un rexeitamento por unha parte importante da sociedade cando un non se comporta como mandan os canons, como manda o medo, como manda a tradición, como manda o que manda. Hai nos meus textos unha reflexión permanente para non clasificar, non vulgar, non condenar. Trátase de entender que existen identidades diversas e non necesariamente estáticas nin no tempo nin na expresión. Fágoo porque creo na liberdade individual e detesto as etiquetas, as marcas a ferro, sexan estas perpetradas nos animais ou nos escravos.

Tamén é inevitable non ver en ‘*Extramunde*’ outros dos teus grandes temas, como a insignificancia dos humanos ante a natureza, (*Ártico*, *Nos dominios do Leviatán*, *Pegadas...*); ou o ollar atento e analítico do científico (que imprime ao relato distintos ritmos) que definías en *Cartas marcadas*. Dalgún xeito, *Extramunde* é todo Queipo, pois nel está o fundamental da túa literatura. Velo así? Que andas a escribir agora?

Co paso dos anos fun construíndo unha cosmogonía propia. Temas recorrentes, obsesións, ideas que aparecen e desaparecen mais que sempre están aí. Niso, un escritor non difire de calquera outro individuo na construción da personalidade. Facémolo todos. O que acontece é que os

escritores imos mostrando eses pregues do noso ser: no estilo, na temática, mesmo no escenario onde as nosas obras se sitúan. Se cadra reflectimos tamén o que non somos ou que quixeramos ser. *Artico* foi o inicio do abraio, cando comecei a andar polos mares e polo mundo, logo virían outras manifestacións do mesmo abraio da descuberta como *Ringside*, *Diarios dun nómada*, *Os ciclos do bambú* ou *Malaria Sentimental*, ou a xa citada *Dragona*. Mais tamén hai obras de reflexión, de deter o carro e poñer no papel o que se pensa do mundo, da cultura ou da literatura, como *Cartas marcadas*, *Felices e diferentes* ou *Caderno da Revolución cultural*.

Algunhas veces procurando o recurso do humor ou da parodia como *Contornos*, *Mundiños* ou *Manual de Instruccións*. Outras de experimentalismo nas formas narrativas ou poéticas, como *O ladrón de esperma* ou *Glosarios*. Outras aínda, dialogando cos fillos que non teño en *O espello e o dragón*, *Saladina* ou *A illa dos cangrexos violinistas*. E o que aínda está por vir. Unha traxectoria, como valoraron os editores ao me conceder o premio Xosé María Álvarez Blázquez ao escritor máis destacado de 2011. Agora teño varias fronteas abertas (varios proxectos). Non sei cal deles vai avanzar a maior velocidade e cal vai quedar en proxecto e nunca chegará as e concretar. Podo dicir simplemente que estou escribindo en galego e que non penso deixar de o facer porque uns liquidadores ridículos e ignorantes, pequenos mequetrefes sen raíces, decidisen que non é moderno, ou interesante ou necesario. Eu penso todo o contrario.